



SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE
O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

ASUNTO: Resposta ao INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO ANTIGO do Concello de O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE), emitido en data 8 de marzo de 2010, pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

1.1. RESPONSTA

O informe formula dúas consideracións: punto II.1 que fai referencia á xustificación de dotacións derivadas da variación da intensidade residencial, e punto II.2 que fai referencia á incorporación no documento do Plan do indicado no informe da Dirección Xeral de Patrimonio.

1.1.1. NOTA A (II.1):

No anterior informe remitido xa se daba conta no punto 1.1.4 da consideración sobre o incremento de edificabilidade nos seguintes termos (suliñase a especial consideración a respecto do incremento de edificabilidade):

"Axúntase unha táboa resume dos parámetros de edificabilidade e ocupación actuais e permitidos por normativa. Observar que o incremento real de edificabilidade (Superficie Construída) é practicamente inexistente sobre o xa construído, si consideramos que 2.601m² dos 2.672m² se executan sobre solares baleiros de edificación na actualidade."

"Referir que si ben se dá un pequeno incremento de edificabilidade, o emprazamento do casco respecto da vila coas dotacións de que esta dispón (a proximidade de múltiples dotacións da Vila e o Concello respecto do casco é quen de cubrir a ausencia no seu interior. Ex: Igrexa, Concello Estación ff.cc., Mercado, Gardería municipal, Centro educativo, Biblioteca, Casa da Cultura, Xulgados, Policía Municipal, Pavillón Polideportivo, Casa Grande de Viloiro, Parque do Malecón, etc... todos eles nun radio menor de 600m do centro do Casco), cobre as necesidades, malia iso o plan e xa de seu xeneroso coas unidades parcelarias de carácter dotacional propostas (pódese contrastar nos apartados referidos a dotacións e equipamentos referidos).
Notar tamén que unha gran parte da variación existente ven causada pola existencia de parcelas sen edificar como xa re referiu, e que se atopan nesta condición polo xeral pola condición de ruína da edificación preexistente que obrigou ou derivou na súa demolición."

Entende así o Plan que ordena esta parte de cidade, con tecido conformado e consolidado, que xustifica a existencia e previsións suficientes de tipo dotacional, para a intensidade residencial que se admiten, posto que o incremento efectivo de edificabilidade que se produce é de 2.672 - 2.601 = 71,00m².

Sinalar a dificultade de consecución de novos espazos libres en tecidos tradicionais consolidados, malia todo o plan e quen de conquistar tanto espazos libres de nova creación así como dotacións que verifiquen os parámetros de calidade indicados legalmente.

No derradeiro apartado "conclusión e proposta" do informe da Dirección Xeral de Patrimonio xa se facía referencia "...incorporando a estes espazos as necesarias dotacións urbanísticas..." a correcta disposición do plan cara ao cumprimento de ratios no que respectaba a dotacións.

actual	actual	actual	actual	ordenación	ordenación	ordenación	ordenación	en m ²	
S_Parcela	S_Ocupada	S_Ocu_Ppl	S_Construída	S_PARCELA	S_OCUPADA	S_OCU_PPL	S_CONSTRUIDA	INCREMENTO	
35.652,12				34.663,94				ordenac-actual	
	20.219,34				20.441,07			-988,18	S_parcela
		18.880,81				19.222,47		221,73	S_Ocupada
			56.093,32				58.765,31	341,66	S_Ocu_Ppl
								2.671,99	S_Construída
								988,18	Cesións
								728,77	Dotacións
								906,40	Convenios
								Sup_Const	
								Perdida	-4.733,95
								Ganada	7.405,94
								Incremento	2.671,99
								sobre solares	2.881,72

Taboa adxuntada no anterior informe



Amosase aquí a taboa (adxuntada tamén no anterior informe) onde se aprecian os valores (en m²) de cesións, dotacións e superficies a conveniar.

Si derivase das consideracións expresadas no artigo 47 da LOUG [notar que o apartado 1 deste artigo refírese a "plan xeral", e non un plan especial que é sobre o que se informa] onde se establecen (no seu apartado 1) parámetros para espazos libres e zonas verdes (15m² cada 100m²) e de equipamentos (5m² cada 100m²), estes valores estarían asumidos polo plan.

Incremento		Ratio	Ratio	
Sup construída (m ²)	Sup construída /100	Esp. Libres e Zonas verdes (15m ² /100m ² cons)	Equipamentos (5m ² /100m ² cons)	
71,00	0,71	10,65	3,55	Valor requerido
		878,21	728,77	Dato do plan

878,21 >> 10,65
728,77 >> 3,55

Onde se aprecia que o valor de 878,21m² (nota: o valor 878,21 recupérase dos expresados no anexo: área de xestión 1 da normativa) correspondente a espazos libres e zonas verdes ofertado polo plan é moitísimo maior dos 10,65m² requeridos, de igual modo o valor de 728,77m² correspondente a equipamentos ofertado polo plan é moitísimo maior dos 3,55m² requeridos.

E aínda considerando mesmo o incremento de edificabilidade residencial, nos 2.671,99m², daría proporcións:

Incremento		Ratio	Ratio	
Sup construída (m ²)	Sup construída /100	Esp. Libres e Zonas verdes (15m ² /100m ² cons)	Equipamentos (5m ² /100m ² cons)	
2.671,99	26,72	400,8	133,6	Valor requerido
		878,21	728,77	Dato do plan

Onde se aprecia que os valores aportados polo plan exceden abundantemente os supostos parámetros de referencia, duplicando e mesmo quintuplicando os valores de referencia. (o valor 878,21 recupérase dos expresados no anexo: área de xestión 1 da normativa)

1.1.2. NOTA A (II.2):

No anterior informe remitido dábase conta no punto 1.1.6 da asunción e incorporación por parte do Plan das observacións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, nos seguintes termos:

*"Incorporarase na documentación definitiva o Informe da dirección Xeral de Patrimonio emitido con data 18 de Marzo de 2009, que nesta resposta se incorpora xa como anexo.
As observacións deste informe xa se tiveron en conta e están asumidas no documento obxecto do informe que agora se resposta."*

Lembrar que o informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio é de data 18/03/2009, tras recibilo, correxiuse a totalidade do documento do Plan adaptando as respostas emitidas polos diversos informes sectoriais (e en particular ao emitido por Patrimonio), que deu lugar a un novo texto refundido do Plan con data 20/05/2009, texto que se presentou ao pleno da corporación municipal para a súa aprobación provisional en data 11/06/2009.

Nota: A aprobación, como anexo aclaratorio, do informe 18/03/09 da D.X. de Patrimonio Cultural, poidese ter levado a algún tipo de confusión ao respecto da adaptación do Plan as súas observacións.

Desenvolvendo cada unha das apreciacións constatadas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio, temos:

Observación 1.

Título I. Disposicións xerais

Natureza, ámbito e vixencia do Plan Especial:

No referente aos acordos interpretativos ou aclaratorios na aplicación do PEPRI, artigo 6, e que segundo especifica o documento deberán ser resoltos pola Comisión Municipal de Urbanismo, o trámite non resulta procedente ao tratarse dun alcance xeral, polo será o mesmo órgano que ten as competencias para a aprobación do planeamento o que en última fase deberá autorizar ditas interpretacións, ó non existir unha comisión de seguimento, polo que serán remitidos á Consellería de Cultura co fin de avaliar a súa adecuación á protección de patrimonio arquitectónico e completalo documento. Dito informe terá carácter de preceptivo e vinculante.



Quedou redactado nos seguintes termos: (artigo 6 da normativa)

"...As cuestións de interpretación que se susciten na aplicación do PEPRI, serán remitidas á Consellería de Cultura para avaliar a súa adecuación á protección do patrimonio arquitectónico e completar o documento, mediante a emisión dun informe de carácter preceptivo e vinculante, e asumidas pola Comisión Municipal de Urbanismo..."

Observación 2.

Título II. Desenvolvemento e execución do planeamento especial.

Determinacións de carácter xeral:

No artigo 18, o documento establece a posibilidade de redactarse estudos de detalle nos casos de requirir dunha maior precisión técnica ordenadora encol dos parámetros determinantes da ordenación detallada establecida no PEPRI, e dado que trataríase dun desenrolo do planeamento, obviamente deberá obter previamente como planeamento de desenvolvemento, o informe favorable da Consellería de Cultura

Quedou redactado nos seguintes termos: (artigo 18 da normativa, apartado 4)

"Os Estudos de Detalle deberán contar co informe previo favorable da Consellería de Cultura"

Observación 3.

Título III. Intervención na edificación e uso do subsolo

No artigo 25 especificase que: con carácter previo á solicitude licenza, os interesados manifestarán ante o Concello e ante a Delegación provincial da Consellería de Cultura o seu propósito de levar a cabo obras. Determinación non acorde co carácter do documento de planeamento que infórmase, polo tanto eliminarase dito trámite ante a Consellería de Cultura.

Quedou redactado nos seguintes termos: (artigo 25 da normativa)

Suprimíuse o trámite ante a Consellería de Cultura.

Observación 4.

Título IV. Normas Xerais da edificación.

Regulación básica e definicións:

No artigo 68 a definición de plantas altas, normal: son aquelas que están por riba da planta baixa, e a diferenza entre a cara superior do forxado de planta e cota da liña de cornixa colindante ou da menor das liñas de cornixa compartidas sexa maior ou igual de 1,80 m, permitiría de feito solucións non acordes co carácter do casco antigo e incompatibles ca ordenación de conservación do conxunto, polo tanto deberá modificarse dito articulado eliminando a construción por encima do forxado da última planta.

No artigo 73, rectificárase a altura da cuberta adaptándose á reflectida no artigo 72, de 4,00 metros.

Condicións xerais de uso:

Art. 89 o uso de garaxe aparcadoiro, no punto 4 respecto da autorización do uso único diferente do residencial, ao non quedar especificado no planeamento as fincas nas que se podería autorizar, deberá quedar cautelada dita modificación polo informe da Consellería de Cultura

Condicións xerais de volume e ocupación:

No artigo 95, no correspondente ás cubertas das edificacións, indicárase claramente a imposibilidade de execución de patios de cuberta, ou sexa aperturas no seus panos co fin de executar terrazas vinculadas unicamente aos espazos baixo cuberta, por tratarse de solucións alleas ao carácter da zona antiga.

No que respecta ás bufardas permitidas deberán ter as dimensións máximas indicadas na normativa gráfica.

Condicións estéticas:

No artigo 109, fragmentación de fachadas, no documento indicase que o PEPRI, en certos casos pode permitir actuacións unitarias sobre máis dunha parcela, deberá indicar a referencia na ficha individual.

No artigo 121, no referente ás carpinterías de madeira, e dado que a precisión de obra nova para a autorización de outros materiais distintos á madeira, non parece suficientemente matizada, deberá procederse a precisión de obras de nova planta, co fin de evitar nas obras de ampliación a utilización de diferentes materiais aos existentes nun elemento unitario.

No artigo 124, cubertas, no referente ao material de cubrición debería recuperarse o definido no documento primitivo, a recomendación do uso da lousa a granel ou romba.

No artigo 133, proxectos de carácter singular deberá especificarse con claridade o carácter preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura.

Quedaron redactados nos seguintes termos:

(artigo 68)

"Son aquelas que están por riba da planta baixa, e a diferenza entre o nivel de pavimento acabado e a cara inferior do forxado seguinte sexa maior ou igual a 2,70m."



- No caso de estar rematadas cun forxado inclinado de cuberta, a diferenza entre o nivel de pavimento acabado e o punto de cota máis baixo do forxado inclinado e/ou a cota da liña de cornixa, sexa maior ou igual a 2,40m."
- (artigo 73)
- "1. É a distancia vertical existente entre a cara superior do último forxado e a liña de cumieira ou o punto máis alto do cumio. En ningún caso será superior a 4,00 m medidos en proxección vertical dende a liña executada de cornixa.
2. Nos casos de reformas e ampliacións, cando sexa posible, segundo o establecido na presente Normativa, permitirase axustar as dimensións das alturas ás preexistentes na mesma edificación."
- (artigo 89, apartado 3)
- "Respecto do uso garaxe-aparcadoiro, este uso reducirase aos existentes de carácter particular, aos autorizados polo PEPRI e aos públicos expresamente previstos no mesmo, quedando expresamente prohibidos en plantas diferentes de sotos e/ou semisotos e plantas baixas, agás que cumpran as condicións anteriores. Nos edificios de nova planta non se establece limitación de número de plantas baixo rasante (soto e/ou semisoto), sempre que se poida construír e sexa favorable o informe arqueolóxico preceptivo no seu caso. Nos edificios existentes -calquera que se sexa o seu grao de catalogación- poderá autorizarse este uso dependendo da previa disposición de accesos ou da recuperación dos ocos da fachada orixinal, sempre que a regulación da protección así o autorice"
- (artigo 95, apartado e, f)
- "...Prohíbese expresamente a execución de patios de cuberta (aperturas realizadas no pano de cuberta que posibiliten terrazas vinculadas unicamente ao espazo de baixo cuberta)..."
- "...Só se permitirán as novas bufardas que fiquen indicadas na documentación gráfica, ou figuren explicitamente como permitidas nas fichas individualizadas e nos planos de ordenación. Terán paramentos verticais con acabados na mesma condición e materiais que a fachada á que aspectan, cuberta a dúas augas sobre muro de pinche paralelo á fachada, a dimensión máxima á fachada será o menor dos valores entre 3,00m ou 1/3 do ancho de fachada, e a cumieira situarase a unha cota igual ou menor de 2,40m sobre a cota do acabado do forxado inferior inmediato, o recuado respecto da liña de fachada será maior ou igual a 1,80m. A cubrición será das mesmas características que o pano de cuberta no que se empraza. Os ocos nestes elementos estarán posicionados unicamente no muro de pinche paralelo á fachada..."
- As dimensións gráficas das bufardas verifican en todos os casos a determinación da normativa.
- (artigo 109)
- "O PEPRI, permite actuacións unitarias sobre máis dunha parcela, a posibilidade de agregación deberá estar explicitamente recollida na ficha correspondente, no caso de que así se dispoña será preceptivo que o proxecto recolla, mercé a elementos estruturais ou de composición de fachada a realidade parcelaria anterior. En calquera caso, limitarase o ancho de fachada servido por un único portal a agrupación máxima de dúas parcelas orixinarias. Esta norma poderase flexibilizar se fica debidamente xustificada a adecuación do ritmo e da secuencia de volumes da nova edificación ao contorno.."
- Nas fichas individualizadas das edificacións aparece escrita a posibilidade de agregación de parcelas, mesmo das parcelas que poidan ser obxecto de agregación.
- (artigo 121)
- "Establecese uso da madeira de calquera clase para a construción de bastidores e cercos de ventás e portas que se terá necesariamente que pintar, polo menos na súa cara exterior. Tamén se permite a utilización doutros materiais para ese mester, tal coma o ferro, aceiro, etc... nas edificacións catalogadas que documentalmentemente os recoñezan como orixinarios. En obras de substitución e nova planta permítense a maiores as carpinterías de aluminio lacado en cores sólidos, prohibíndose en todos os casos o aluminio na súa cor natural ou anodizado, así como o aceiro inoxidable e o plástico ou P.V.C"
- O artigo 44 cualifica as obras de substitución como: "Son aquelas nas que se derruba unha edificación existente ou parte dela para no seu lugar erguer unha nova edificación sen máis referencias que as volumétricas coa anterior.", e as obras de nova planta como: "Son aquelas mediante as que se edifica un soar libre de edificación".
- Polo que queda claro o criterio para a aplicación de materiais de maior contemporaneidade.
- (artigo 124, apartado 2)
- "A cubrición dos panos inclinados será de lousa negra, propia da zona a granel, romba ou en formato rectangular de dimensións estándar (32x22cm) ou maior. No caso de rehabilitación de edificios que teñan cubrición con outro material deberá substituírse por lousa negra"
- (artigo 133, apartado 2)
- "Para a admisión dos proxectos aos que se refire o apartado anterior será necesaria a comunicación previa da intervención a Consellería de Cultura e a emisión por parte de esta dun informe favorable a esta intervención que xustifique especialmente o impacto do novo edificio en relación cos criterios xerais de ordenación do PEPRI e valore positivamente a intervención"



Observación 5.

Título V. Normas de protección.

Condicions particulares da protección dos elementos catalogados:

Nos artigos 147 e 148 deberá eliminarse a protección de nivel monumental, xa que non se asina xa a ningún elemento, corrixindo a numeración do resto de niveis.

No artigo 150 e 151, nivel 3 de protección estrutural e nivel 4 de protección ambiental, onde especificase o trámite de obra ou cambio de uso nos elementos que gocen de dito nivel de protección á Consellería competente en materia de patrimonio cultural, deberá dicir á Consellería de Cultura como o precisa a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, especificando o trámite cando se trate de modificacións das condicións especificadas na ficha..

Quedaron redactados nos seguintes termos:

(artigos 147 e 148)

Suprimiuse calquera referencia ao nivel de protección monumental ao non existir ningún elemento merecedor da aplicación deste nivel de protección.

(artigos 149, apartado 6)

"...Calquera tipo de obra dos tipos c), d), e e), ou cambio de uso nos elementos que gocen do nivel de protección estrutural necesitará a información previa á Consellería de Cultura"

(artigos 150, apartado 4)

"...Calquera tipo de obra dos tipos e), f), g) e h), ou cambio de uso nos elementos que gocen do nivel de protección ambiental necesitará a información previa á Consellería de Cultura"

Observación 6.

Título VI. Normas particulares da edificación

O planeamento especial regula a actividade urbanística no ámbito do PEPRI co establecemento de zonas de ordenanza e áreas de xestión.

Normas particulares de zona:

No especificado para as condicións estéticas da ordenanza de equipamentos, artigo 168, na xustificación da posible singularidade da opción arquitectónica, onde di: ser informado preceptivamente pola Comisión Técnica Provincial de Patrimonio, deberá corrixirse e indicar: a Consellería de Cultura.

Nas zonas de ordenanza de espazos libres e zonas verdes, artigo 169, cun desenrolo previsto non especificado na normativa nin planos, dado o carácter de planeamento especial do documento e como ven sendo criterio xeral nos conxuntos antigos, deberá establecerse a obrigatoriedade de tramitación ante a Consellería de Cultura dos proxectos que as desenvolvan para a súa aprobación preceptiva.

Áreas de xestión:

Nas áreas de xestión cun desenrolo previsto pero non especificado no planeamento, deberá establecerse a tramitación ante a Consellería de Cultura dos proxectos que as desenvolvan para a súa aprobación preceptiva

Quedou redactado nos seguintes termos:

(artigo 154, apartado 5)

"....Aínda así o proxecto deberá xustificar suficientemente a singularidade da opción arquitectónica elixida e ser informado preceptivamente pola Consellería de Cultura."

(artigo 155, apartado 7)

"....Polo seu carácter público e representativo, os espazos libres que sexan resultado de actuacións en solo público deberán ser informados preceptivamente pola Consellería de Cultura."

(artigo 157, apartado 4)

"Os proxectos que desenvolvan a totalidade ou parte dos espazos delimitados como áreas de xestión deberán ser informados preceptivamente pola Consellería de Cultura"



Observación 7.

No referente ao CATALOGO:

Respecto das fichas da edificación:

Eliminarase na edificación, ficha 63805 / 30, con protección estrutural, a indicación nas obras permitidas : mantemento da edificación existente e construción dunha nova edificación según datos da ficha, por ser incompatibles ca súa protección.

Deberá clarificarse a definición en fichas de "obra nova", en xeral nas prohibidas, xa que na normativa defínense:

- obras de nova edificación, e dentro delas:
 - reconstrución
 - substitución
 - nova planta
 - ampliación
 - nova planta con conservación de elementos

Quedou nos seguintes termos:

Correxíuse en base a este informe a ficha 63805/30, e procedeuse á explicitación máis rigorosa do termo "obra nova" , tal e como demandaba esta observación. (xa se amosa na observación 6 deste informe, correspondendo co artigo 44 da normativa), a vez que se revisaron todas as fichas que contiñan referencia a este termo, explicitando o tipo de obra nova específico permitido ou prohibido cando así se entende aplicábel.

Observación 8.

Respecto dun análise arqueolóxico do planeamento:

En consonancia co establecido no art. 85.3 da lei 9/2002, de ordenanza urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUPMRG) e no artigo 32 da lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia (LPCG), emítase o presente informe:

No concello de O Barco se ten catalogado dun un bo número de xacementos e achados arqueolóxicos, algúns deles en ámbito urbano, e todos protexidos polo PXOM actualmente vixente no concello. En calquera caso compre facer constar que no ámbito do Plan Especial sometido a informe non existe constancia da existencia de ningún xacemento arqueolóxico, si nas súas proximidades (xacementos romanos da Avda. Santiago Melo Pisón, esquina Rúa Portocarballo e a Mina da Finca da Cruz).

En calquera caso consideramos axeitado (tal é como se reflicte no documento sometido a informe) a supervisión arqueolóxica (control arqueolóxico) de oficio por parte do concello de calquera remoción de terra que se leve a cabo no ámbito do Plan Especial. Neste caso a dita supervisión deberá ser sempre levada a cabo por un técnico arqueólogo, entendendo por tal aquela persoa que posúe os requisitos que se sinalan no artigo nº 5 do decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia. Neste sentido, de manterse esta condicionante, entendemos que compre modificar unha serie de artigos do capítulo IV do tomo da memoria (Condições xerais de protección do patrimonio cultural de carácter arqueolóxico) para adaptalos a este requirimento (artigos 153, 154, 156, 158, 159, 160).

Compre modificar o artigo 159 do tomo da memoria dado que todas as intervencións arqueolóxicas que se realicen en Galicia deberán estar suxeitas a tramitación que se establece no capítulo II do decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia. É dicir, están suxeitas a unha autorización previa por parte de Consellería de Cultura.

É necesaria así mesmo clarificar o artigo 162 da memoria xa que resulta contradictorio na súa redacción actual. En calquera caso, tal e como sinala o artigo 62.2 da lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia, os bens materiais procedentes das actuacións arqueolóxicas autorizadas deberán ser depositadas nos museos que designe a Consellería de Cultura.

Quedou nos seguintes termos:

Despois de consultas cos técnicos da D.X. de Patrimonio, observando que tal e como se fai referencia no propio informe " *compre facer constar que no ámbito do Plan Especial sometido a informe non existe constancia da existencia de ningún xacemento arqueolóxico*" e dada a ausencia de arqueólogo municipal no concello, así como as dificultades de asumir un posto desa capacitación nun concello sin unha puxanza arqueolóxica de alto nivel, así como a cobertura legal que se desprende dos dous últimos parágrafos deste apartado do informe " *todas as intervencións arqueolóxicas que se realicen en Galicia deberán estar suxeitas a tramitación que se establece no capítulo II do decreto 199/1997, do 10 de xullo*", " *tal e como sinala o artigo 62.2 da lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia, os bens materiais procedentes das actuacións arqueolóxicas autorizadas deberán ser depositadas nos museos que designe a Consellería de Cultura*". Optouse pola supresión deste articulado, entendendo que existen regulamentos, decretos e leis que protexen de modo efectivo calquera intervención nun casco de tamaño pequeno e ausente de vestixios arqueolóxicos como o de O Barco, e que so engadiría unha tramitación



redundante, ralentizante e excesiva que en ningún caso semellaba positiva para o plan, o seu desenvolvemento, as súas determinacións e os seus obxectivos.

Entendemos que con estas aclaracións dase resposta ás pequenas dúbidas presentadas no informe da D.X. de Urbanismo, pois como se pode constatar cada unha das observacións foi incorporada ao documento para dar lugar así ao texto refundido que é obxecto de sometimento a informe por parte desa D.X.

Emítase este informe-resposta entendendo que da resposta ás consideracións feitas pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para sometemento de novo a informe previo a súa aprobación definitiva.

En Pontevedra, a 7 de abril de 2010.

Asdo.: Juan Carlos Portela Regodeseves
Director do PEPRI do Casco Antigo de O Barco